



SUXESTIÓN DIRIXIDA AO SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BAIONA (PONTEVEDRA), PARA O RECOÑECIMENTO DA CONDICIÓN DE INTERESADOS, DE 5 COMUNEIROS EN OPOSICIÓN Á INSTALACIÓN DUN CAMPO DE GOLF, NO MONTE VECIÑAL EN MAN COMUN, NA PARROQUIA DE BAREDO.

Expediente: N.7.Q/25926/17

Santiago de Compostela, 11 de decembro de 2017

Sr. alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceron solicitando a nosa intervención Dona ████████, Dona ████████, Dona ████████, Dona ████████ e Don ████████. No seu escrito, do 23 de outubro de 2017 esencialmente, indicánnos que presentaron por correo electrónico un escrito de reclamación contra o Concello de Baiona, e que deu lugar á apertura do expediente de queixa 25926/17:

O motivo da queixa ten que ver co proxecto plantexado polo Concello de Baiona, de construír un campo de golf nun terreo comunal de 700000 m² de superficie, pertencente á Comunidade de Montes de Baredo, o cal obtería mediante unha expropiación do mesmo.

A ubicación elixida para o campo de golf é enriba dos mananciais de auga, dos que se nutre o pobo de Baredo para todas as súas necesidades domésticas e de rego. Isto supón unha sobre explotación dos acuíferos para regar o campo de golf, máis a conseguinte contaminación dos mesmos, polos fertilizantes e agro químicos usados para o seu mantemento.

Aberto o citado expediente de queixa, practicáronse as actuacións que se reflicten nos seguintes:

ANTECEDENTES

1) Con data 27 de outubro, as persoas referenciadas compareceron de xeito persoal ante a Valedora do Pobo e logo da entrevista mantida coa titular da Institución, presentaron novos escritos cos número de rexistro 29603/17, 29604/17, 29605/17, 29606/17 e 29607/17, co contido literal seguinte:

“Con data do 25-10-2017, foinos denegado por parte do Concello de Baiona a nosa solicitude de ser “considerado persoa legalmente interesada no expediente” que corresponde ao Plan Especial de dotación infraestruturas “As Costeiras” (PD-4) do PXOM de Baiona, denegándonos o acceso ós informes sectoriais que recibiu o concello (dous de medio ambiente e un de sanidade). Consideramos que se temos dereito a acceder a dita información por ser veciños afectados polo expediente e comuneiros do monte de Baredo.”.

Ao último escrito número 29607/17, achegaron como documentación complementaria o informe detallado sobre o proxecto denominado *Plan especial de dotacións e infraestruturas As Costeiras (PE-4) do PXOM*, e relativo a súa incidencia sobre a comunidade veciñal de Baredo. Tamén achegaron 840 sinaturas de oposición dos veciños afectados que, segundo a información incorporada, son os 1.085 habitantes da Parroquia de Baredo.

2) O 2 de novembro a Institución admitiu a trámite o expediente de queixa e promoveu unha investigación, sumaria e informal, sobre as razóns xurídicas de non recoñecer aos cinco signatarios deste escrito de queixa a condición de interesados e de non facilitarlle o acceso aos informes sectoriais incorporados ao *Plan especial de dotacións e infraestruturas As Costeiras (PE-4) do PXOM*, o cal se atopa no trámite de información pública en virtude do acordo municipal de aprobación inicial do devandito plan.

O día 20 de novembro (R. saída nº 217 –S –RC- 5101), o Sr. Alcalde remítenos un escrito coa información e documentación que estima procedentes, co contido seguinte:

“A Xunta de Goberno local en sesión ordinaria celebrada o día quince de xuño de dous mil dezasete prestou aprobación inicial do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas As Costeiras (PE-4) UTE PEDRO GONZÁLEZ SOUTO —AL. LUQUE ASEGUINOLAZA Y ASOCIADOS SLP coas condicións sinaladas no informe técnico de data 18.05.2017 relativa a parte da parcela de referencia catastral 36036A004009190000QP incluída na área de afección de 15 m de Estrada EP-2202 deberá ser libre de edificación e establecer un recuamento mínimo de 15 m nos límites do Plan Especial para calquera construción, evitando que se poida acaroar a lindeiros as actuacións construtivas que nesa área se permitan, debendo manterse esta zona de 15 m. no seu estado natural. No mesmo acto someteuse o documento do Plan Especial incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico ao prazo de exposición ao público polo prazo mínimo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (artigo 75.1.a) da LSG).

Resultando que en data 14.07.2017 publicouse no DOG número 34 anuncio de exposición ao público polo prazo de dous meses e diario Faro de Vigo de data 15.07.2017, de forma que o prazo de alegación remata o día 14.09.2017. Durante dito prazo presentáronse xx alegacións

Resultando que por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14.09.2017 someteuse o documento do Plan Especial incluídos un resumo executivo, o estudo ambiental estratéxico e un resumo non técnico do estudo ambiental estratéxico a un novo prazo de exposición ao público polo prazo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia.

A estes efectos en data 23.10.2017 publicouse anuncio no DOG dunha ampliación do período de exposición ao público do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas "As Costeiras" estando a data de emisión do presente informe en período de exposición ao público.

Resultando que o artigo 5 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana recoñece a todos os cidadáns, e entre outros, o acceso a información de que dispoñan as Administracións Públicas sobre a ordenación do territorio, a ordenación urbanística e a súa avaliación ambiental, así como obter copia ou certificación das disposicións ou actos administrativos adoptados, nos termos dispostos pola súa lexislación reguladora e a participar efectivamente nos procedementos de elaboración e aprobación de

calesquera instrumentos de ordenación do territorio ou de ordenación e execución urbanísticas e da súa avaliación ambiental mediante a formulación de alegacións, observacións, propostas, reclamacións e queixas e a obter da Administración unha resposta motivada, conforme á lexislación reguladora do réxime xurídico de devandita Administración e do procedemento de que se trate.

Pola súa parte o artigo 70 ter da lei 7/85, do 2 de abril determina "1. Las Administraciones públicas con competencias de ordenación territorial y urbanística deberán tener a disposición de los ciudadanos o ciudadanas que lo soliciten, copias completas de los instrumentos de ordenación territorial y urbanística vigentes en su ámbito territorial, de los documentos de gestión y de los convenios urbanísticos."

Resultando que o artigo 75 da Lei do Solo de Galicia determina en canto ao procedemento de aprobación dos plans especiais que o órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificaráselles individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados.

Resultando que o artigo 207 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia determina «1. Os cidadáns teñen dereito a participar efectivamente nos procedementos de elaboración e aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico nos períodos de información pública, nos termos e condicións previstos na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e neste regulamento.

2. Con carácter xeral, e sen prexuízo do especificamente disposto para cada instrumento de planeamento para a súa aprobación e entrada en vigor, nos trámites de información pública aplicaranse as seguintes regras:

a) Os anuncios deberán ser remitidos para a súa publicación dentro dos quince días seguintes á adopción do acordo correspondente.

b) Os anuncios de apertura do trámite de información pública deberán publicarse nos boletíns oficiais, medios de comunicación e taboleiros pertinentes ou edictos correspondentes. Tamén poderán publicarse noutros medios de comunicación e internet.

c) Os anuncios de información pública indicarán claramente o instrumento ou expediente obxecto dela, o prazo de exposición ao público, así como a dirección e

horario da oficina ou dependencia en que se pode exercer o dereito a información e, de ser o caso, o medio telemático onde poida consultarse o instrumento ou expediente.

O prazo de información pública se computará desde a última publicación obrigatoria de entre as reguladas na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e neste regulamento.

d) Durante a información pública poderá consultarse toda a documentación, escrita e gráfica, relacionada co instrumento ou expediente obxecto dela, así como obter as copias necesarias, sen prexuízo das taxas que se deban satisfacer.

A documentación que se expoña ao público deberá incluír unha explicación detallada das modificacións que supón respecto da regulación vixente e, se é o caso, os ámbitos e o alcance da suspensión de tramitacións, autorizacións ou presentación de comunicacións que comporte.

e) Durante a información pública poderán presentarse alegacións, suxestións ou documentos que se consideren oportunos en relación co instrumento ou o expediente sometido a información pública.

Sen prexuízo de garantir o acceso á documentación escrita, a Administración poderá dispor a publicación dos instrumentos de planeamento urbanístico na internet, así como dispor sistemas de recollida de alegacións e suxestións por vía telemática.

f) Cando resulte previsible unha elevada concorrencia de persoas durante a información pública, o anuncio de apertura do trámite poderá establecer pautas ou suxestións para facilitar o acceso efectivo á documentación, en día e hora."

Resultando que o artigo 83 da Lei 39/2015 determina que a comparecencia no trámite de información pública non outorga, por si mesma, a condición de interesado. Non obstante, os que presenten alegacións ou observacións neste trámite teñen dereito a obter da Administración unha resposta razoada, que poderá ser común para todas aquelas alegacións que aduzan cuestións substancialmente iguais

O artigo 13 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común determina que, de conformidade co artigo 3, teñen capacidade de obrar ante as administracións públicas, nas súas relacións con elas, e entre outros, ten dereito ao acceso á información pública, arquivos e rexistros, de acordo co previsto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e o resto do ordenamento xurídico.

A disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno determina que «1. La normativa reguladora del correspondiente procedimiento administrativo será la aplicable al acceso por parte de quienes tengan la condición de interesados en un procedimiento administrativo en curso a los documentos que se integren en el mismo.

2. Se regirán por su normativa específica, y por esta Ley con carácter supletorio, aquellas materias que tengan previsto un régimen jurídico específico de acceso a la información.

3. En este sentido, esta Ley será de aplicación, en lo no previsto en sus respectivas normas reguladoras, al acceso a la información ambiental y a la destinada a la reutilización.»

Neste senso o Consejo de Transparencia y buen Gobierno en criterio interpretativo 12 de novembro de 2015 respecto a aplicación desta disposición adicional primeira dispón «Hay que tener en cuenta, finalmente, que la excepción prevista en la LTAIBG no realiza una enumeración taxativa de los procedimientos o áreas de actuación que cuentan con regímenes específicos, para no provocar, por ello lagunas o introducir rigideces indebidas en el ordenamiento jurídico. Los regímenes mencionados en el apartado tres de su disposición adicional primera- el régimen específico de acceso a la legislación medioambiental, contenido en la Ley 27/2006, de 18 de julio y el previsto en la Ley 37/2007, de 16 de noviembre, sobre reutilización del sector público- lo son a título de ejemplo y admiten la consideración de otros sectores...».

O artigo 5. g) da Ley 21/2013, de 9 de diciembre, de evaluación ambiental que derroga a Lei 27/2006, de 18 de julio determina como persoas interesadas no procedemento de evaluación ambiental os seguintes:

"1°. Todos aquellos en quienes concurren cualquiera de las circunstancias previstas en el artículo 31 de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

2°. Cualesquiera personas jurídicas sin ánimo de lucro que, de conformidad con la Ley 27/2006 de 18 de julio de acceso a la información, de participación pública y de acceso a la justicia en materia de medio ambiente, cumplan los siguientes requisitos:

i) Que tengan, entre los fines acreditados en sus estatutos la protección del medio ambiente en general o la de alguno de sus elementos en particular, y que tales fines puedan resultar afectados por la evaluación ambiental,

ii) *Que lleven, al menos, dos años legalmente constituidas y vengan ejerciendo, de modo activo, las actividades necesarias para alcanzar los fines previstos en sus estatutos.*

iii) *Que según sus estatutos, desarrollen su actividad en un ámbito territorial que resulte afectado por el plan, programa o proyecto que deba someterse a evaluación ambiental."*

O artigo 4 da lei 39/2015 considéranse interesados no procedemento administrativo os seguintes:

a) *Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.*

b) *Os que, sen teren iniciado o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte.*

c) *Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non se ditase resolución definitiva.*

2. *As asociacións e organizacións representativas de intereses económicos e sociais serán titulares de intereses lexítimos colectivos nos termos que a lei recoñeza.*

3. *Cando a condición de interesado derive dalgunha relación xurídica transmisíble, o habente dereito sucederá en tal condición calquera que for o estado do procedemento, e entre outros, os que, sen teren iniciado o procedemento, teñan dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que nel se adopte e aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e comparezan no procedemento en tanto non se ditase resolución definitiva.*

Respecto a condición de interesado e, entre outras, o TSJ Castilla y León de 15 enero 2007, dispón: "Interés que puede ser calificado como directo y legítimo. Directo por contraposición a difuso, y porque incide inmediatamente en la esfera personal de la mercantil recurrente de un modo económico y jurídico y más aún, perfila sus posibilidades de defensa. Legítimo en tanto que no sólo es justo lo solicitado sino que rebasa lo que es un mero interés por la legalidad y además se encuentra amparada por el ordenamiento vigente."

Segundo a doutrina o "interés personal" concorre cando a actuación administrativa para a que se predica a abstención pode producir consecuencias na esfera xurídica do actuante o lle pode reportar calquera clase de beneficio ou ventaxa personal. O interese ha de ser propio e particular e directo, ya sea personal, ya de mandantes o parentes, que no cabe confundir con el interés cívico general o institucional (Sentencias del Tribunal Supremo de 22 de diciembre de 1986 y 3 de marzo de 1989).

Neste senso consta nestas dependencias solicitude formulada por dona ██████████ con domicilio na rúa ██████████, dona ██████████ con domicilio en ██████████, ██████████ con domicilio en ██████████ e don ██████████ en ██████████, na que por ser parte «afectada» solicita que se rexistre como persoa legalmente interesada no procedemento, e que se lle informe, en tempo e forma, das decisión que se adopten.

Asemade consta que os agora reclamantes presentaron escrito de alegacións no primeiro prazo de exposición ao público na súa condición de veciños.

Non obstante os reclamantes non xustificaron nin acreditaron un interese directo e lexítimo nos termos sinalados pola xurisprudencia e doutrina máis alo da súa condición de veciños da parroquia.

Cabe sinalar que os reclamantes tampouco nos escritos presentados alegaron nin acreditaron a condición de comuneiro da Comunidade de Montes Veciñais de Baredo e tampouco a data da entrada no rexistro xeral do concello da queixa da Institución do valedor se solicitou pro parte das reclamantes a solicitude formal de copia dos informes que se sinalan no escrito. Neste senso o artigo 83 da Lei 39/2015 determina que a comparecencia no trámite de información pública non outorga por si mesma, a condición de interesado. De este modo, a xurisprudencia ven sinalando que o trámite de información pública afecta a un grupo indeterminado de persoas e intereses, de modo que a súa finalidade é totalmente diversa á do trámite de audiencia, que afecta a persoas e intereses singulares (STS 10-2-1997). Non obstante, os que presenten alegacións ou observacións neste trámite teñen dereito a obter da Administración unha resposta razoada, que poderá ser común para todas aquelas alegacións que aduzan cuestións substancialmente iguais.>> Neste senso, a modo de exemplo non é preciso a notificación persoal da aprobación definitiva dos instrumentos de planeamento urbanístico a quen houberse comparecido y formulado alegacións durante o trámite de información pública (SSTS 5-10-2005 y 24-10-1984), ao igual que tampouco é preciso dar traslado dos recursos que se interpoñan contra a aprobación definitiva dos mesmos (STS 10-10-1989).

Non obstante, con posterioridade a comunicación da queixa por parte do Valedor, en data 9.11.2017 núm. rexistro de entrada 9780 dona ██████████ e dona ██████████ núm. rexistro de entrada 9781 por dona ██████████ presenta instancia na que solicita acceso aos informes sectoriais relacionados do expediente do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas "As Costeiras" do PXOM. Ditas solicitudes foron estimadas en virtude de Resolución da Alcaldía en data 14.11.2017 en virtude do disposto no artigo 207.2.d) da LSG

E respecto á Comunidade de Montes de Baredo que no expediente figura como interesada no expediente como titular catastrais dos terreos afectados e conforme o disposto no artigo 75.1.a) da Lei do Solo de Galicia foi notificada en data 23.06.2017 do acordo de aprobación inicial do Plan Especial aos efectos de presentación das alegacións que consideren oportunas. E por isto que conforme o artigo 53 da lei 39/2015, de 1 de outubro os interesados, ademais do resto dos dereitos previstos nesta lei, teñen os seguintes dereitos:

a) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos en que teñan a condición de interesados; o sentido do silencio administrativo que corresponda, en caso de que a Administración non dite nin notifique resolución expresa en prazo; o órgano competente para a súa instrución, se for o caso, e resolución, e os actos de trámite ditados. Así mesmo, tamén terán dereito a acceder e a obter copia dos documentos contidos nos citados procedementos.

Os que se relacionen coas administracións públicas a través de medios electrónicos terán dereito a consultar a información a que se refire o parágrafo anterior, no punto de acceso xeral electrónico da Administración, que funcionará como un portal de acceso. Entenderase cumprida a obriga da Administración de facilitar copias dos documentos contidos nos procedementos mediante a súa posta á disposición no punto de acceso xeral electrónico da Administración competente ou nas sedes electrónicas que correspondan.

b) A identificar as autoridades e o persoal ao servizo das administracións públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.

c) A non presentar documentos orixinais salvo que, de maneira excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario. En caso de que, excepcionalmente, deban presentar un documento orixinal, terán dereito a obter unha copia autenticada deste.

d) A non presentar datos e documentos non exixidos polas normas aplicables ao procedemento de que se trate que xa se encontren en poder das administracións públicas ou que fosen elaborados por estas.

e) A formular alegacións, utilizar os medios de defensa admitidos polo ordenamento xurídico e a presentar documentos en calquera fase do procedemento anterior ao trámite de audiencia, que deberán ser tidos en conta polo órgano competente ao redactar a proposta de resolución.

f) A obter información e orientación acerca dos requisitos xurídicos ou técnicos que as disposicións vixentes imponhan aos proxectos, actuacións ou solicitudes que se propoñan realizar.

g) A actuar asistidos de asesor cando o consideren conveniente en defensa dos seus intereses.

h) A cumprir as obrigas de pagamento a través dos medios electrónicos previstos no artigo 98.2.

i) Calquera outro que lles recoñezan a Constitución e as leis.»

Dita circunstancia foi comunicada á Comunidade de Montes á vista da instancia de data 02.11.2017 e en data 14.11.2017 consta na Secretaría Xeral o acceso a dito expediente.”

II AVALIACIÓN DA INFORMACIÓN E DOCUMENTACIÓN ACHEGADA

Nos escritos de queixa presentados de xeito individual polos cinco veciños -anteriormente identificados-, no rexistro desta Institución e tendo en conta as alegacións formuladas, atopamos dúas cuestións que deben ser obxecto de consideración:

- 1) Limitacións, no trámite de información pública do *Plan especial de dotacións e infraestruturas As Costeiras (PE-4) do PXOM*, de acceso aos informes sectoriais de medio ambiente e sanidade.
- 2) Denegación da condición de persoas legalmente interesadas ante o feito de presentar un escrito de alegacións no trámite de información pública.

Consonte ao exposto, a intervención desta Institución abrangue as dúas cuestións formuladas:

Primeira. Dereito de acceso á información pública contida no devandito plan especial.

Esta cuestión semella resolta, porque no folio 3 -volto- , da información recibida consta que :

“Non obstante, con posterioridade a comunicación da queixa por parte do Valedor, en data 9.11.2017 núm. rexistro de entrada 9780 dona ██████████ e dona ██████████ núm. rexistro de entrada 9781 por dona ██████████ presenta instancia na que solicita acceso aos informes sectoriais relacionados do expediente do Plan Especial de Dotacións e Infraestruturas "As Costeiras" do PXOM. Ditas solicitudes foron estimadas en virtude de Resolución da Alcaldía en data 14.11.2017 en virtude do disposto no artigo 207.2.d) da LSG”.

Segunda. Non recoñecemento da condición de persoas legalmente interesadas polo simple feito de presentar un escrito de alegacións na fase de información pública do plan especial.

A resposta contida no artigo 83.2 da Lei 39/2015 do Procedemento administrativo común das administracións públicas, resulta clara, e as interpretacións tanto doutriniais como xurisprudenciais, son consontes co precepto legal.

É mais, compete á administración pública local a facultade de recoñecer a condición de persoa legalmente interesada no expediente administrativo, sempre que concorran algún dos requisitos recollidos no artigo 4º da citada Lei 39/2015.

Nembargantes, neste expediente de queixa existe unha singularidade relevante na súa vertente xurídica:

- *O Plan Especial de dotación infraestruturas “As Costeiras” (PD-4) do PXOM de Baiona, de seren aprobado definitivamente, habilitaría o inicio dun expediente de expropiación forzosa de 700.000 m² de superficie do monte pertencente á Comunidade de Veciños da Parroquia de Baredo.*

- E os veciños reclamantes ante esta Institución, alegaron a súa condición de veciños comuneiros, concepto xurídico delimitado no artigo 4 do Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro de montes veciñais en man común (Decreto 260/1992 do 4 de setembro):

“Artigo 4.- condición de veciño comuneiro.

Terán a condición de veciños comuneiros aquelas persoas titulares de unidades económicas que residan habitualmente con << casa aberta >> dentro da área xeográfica sobre a que se asente o grupo social que tradicionalmente aproveitou o monte, conforme ás situacións consuetudinarias que viñan existindo entre os seus compoñente, ou aqueloutras persoas que acaden a citada condición no sucesivo e que veñan exercendo, segundo os usos e costumes da comunidade, algunha actividade relacionada co monte.”

Esta condición *prima facie*, pode ser acreditada mediante certificación expedida polo presidente da xunta reitora do citado monte comunal do libro-rexistro de veciños inscritos de conformidade co disposto no artigo 38 do citado regulamento de montes comunais.

De estar identificado como veciño comuneiro, corresponderalle a titularidade dominical e o correspondente aproveitamento, sen asignación de cotas do monte veciñal en man común de Baredo (artigo 3 da Lei autonómica 13/1989, de 10 de outubro, de montes veciñais), con capacidade xurídica, en canto membro da comunidade de veciños, para o cumprimento dos seus fins e a defensa dos seus dereitos (artigo 4.1 da citada lei). É mais, ten o dereito individual recoñecido no seu artigo 17 de poder *defender os intereses da comunidade de montes en man común, tendo que serlle reintegrados os gastos que lle ocasione tal defensa, sempre que prosperen as súas pretensións ou sexa aprobado pola asemblea xeral.*

Ante a situación legal exposta, o veciño comuneiro, entendemos que ten dereito a postular o seu recoñecemento por concorreren os supostos recollidos no apartado 4.1, letras b) e c) da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Neste punto invocamos a Sentencia do Tribunal Supremo de 12 de novembro de 2007:

“Mientras que los interesados comprendidos en los apartados a) y b) de la norma transcrita –los promotores del procedimiento y los titulares de los derechos que puedan ser afectados por la decisión- son fácilmente individualizables e identificables con los datos que suministra el propio expediente, no cabe decir lo mismo respecto de

cualesquiera otros titulares de intereses legítimos a los que se refiere el apartado c), pues la propia amplitud del concepto de interés legítimo hace posible que aquellos existan sin que la Administración los conozca o los tenga debidamente identificados; y por ello a estos últimos la norma les atribuye la consideración de interesados sólo en el caso de que “se personen en el procedimiento”.

Nesta mesma liña pronunciase o Tribunal Supremo noutra Sentencia de 2 de marzo de 2012, ao subliñar:

“De modo que la titularidad de un derecho confiere un grado más intenso de legitimación administrativa y, por ello, sus titulares son siempre “interesados necesarios” toda vez que aunque no se hayan personado por propia iniciativa, la Administración debe identificar y citar a los mismos, mientras que los que ostentan un interés legítimo son simplemente “interesados” se entiende no necesarios, que lo son en la medida que tomen la iniciativa al respecto, personándose en el correspondiente procedimiento”.

CONCLUSIÓN

Tendo en conta que o primeiro motivo da reclamación foi atendido pola administración municipal, esta Institución formula, respecto ao segundo e ao abeiro do disposto no artigo 32.2 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, ante o Concello de Baiona a seguinte SUXESTION:

Que pola administración municipal se comprobe se os cinco reclamantes teñen a condición de veciños comuneiros do Monte veciñal en man común da Parroquia de Baredo, solicitándolle ao Presidente da Xunta Reitora, certificación da súa inscrición no libro de rexistro cos nomes dos citados veciños comuneiros, o seu domicilio e data de inscrición.

De ser positiva a súa inscrición, pode a administración municipal recoñecerlles a condición de interesados lexítimos na tramitación do citado Plan especial de dotación Infraestruturas “As Costeiras” (PD-4) do PXOM de Baiona, porque a súa aprobación definitiva, habilitará o expediente de expropiación de 700.000 m² do citado monte veciñal, e polo tanto a concorrencia dos supostos establecidos nos apartados b) e c) do artigo 4.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da suxestión formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo